

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

IES MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ, en O Carril

CURSO ACADÉMICO: 2019-2020



0. - INTRODUCCIÓN:

Preséntasenos o traballo titorial, como unha tarefa ampla e complexa, que a través da planificación de sucesivas accións, poida redundar en beneficio do desenvolvemento cognitivo do alumnado, e da súa participación e integración na vida social; a través dunha aprendizaxe acerca das súas posibilidades e da toma de conciencia dos factores das súas respectivas situacións que han de considerar de cara a ir adoptando decisións relacionadas co seu futuro persoal, académico e profesional.

Neste sentido, a acción titorial deberá tender a favorecer a integración e participación do alumnado na vida do centro, a realizar o seguimento personalizado do seu proceso de aprendizaxe e a facilitar a toma de decisións respecto ao seu futuro académico e profesional.

Será un medio onde o fin sexa aprender a aprender, é dicir, adquirir e poñer en práctica estratexias de planificación, avaliación, autoavaliación e control, e falamos de aprender a aprender tanto no referente á responsabilidade e autonomía que cada quen debe ir adquirindo para asimilar significativamente contidos máis propiamente escolares, como contidos relativos ao coñecemento de si mesmo para planificar, avaliar e controlar as accións persoais encamiñadas cara un fin concreto, e os que se refiren ao coñecemento de si mesmo como ser social e parte dunha comunidade.

Sabemos, por outra parte, que o aprendizaxe sobre si mesmo, o escolar e o social están intimamente relacionados e conflúen en moitas das nosas accións, entre elas, por exemplo, a toma de decisións con respecto ao futuro a curto, medio e longo prazo tan importantes para a persoa, que debe integrarse no medio social, de aquí a pouco tempo, como adulto.

Unha das finalidades que pode ter o traballo titorial co grupo de alumnas/os é a de reforzar a adquisición dalgunhas habilidades, sobre todo as referidas á comunicación (expresar ideas oralmente e por escrito e incluso de forma gráfica, enunciado preguntas pertinentes, escoitar para comprender, aportar razoamentos argumentados), as relacionadas coa resolución de problemas (xerar ideas, hipóteses e predicións, avaliar e contrastar ideas e hipóteses, reflexionar antes de seleccionar, identificar alternativas), pero será válido esta formulación unicamente se se realiza de xeito coordinado, ou ao menos



conxuntamente, é dicir, se a sesión titorial supón un reforzo e non unha hora na que se realizan traballos illados dun contexto. Isto non quere dicir en absoluto que nas sesións de titoría haxa que realizar traballos de actividades de reforzo dos contidos conceptuais doutras áreas: os contidos conceptuais de traballo na sesión titorial é aconsellábel que sexan da área persoal e social, pero os contidos procedimentais serán os comúns aos doutras áreas. Outra aportación interesante do traballo titorial na aula é a posibilidade que se nos presenta de traballar cos alumnos/as distribuídos en pequenos grupos o que favorece a integración afectiva e social e consolida ao grupo en torno a unha serie de valores (cooperación, participación, aceptación dos demais, etc).

Por último, non hai que esquecer a dimensión informativa e orientadora que ten a función titorial, referida ao asesoramento e seguimento dos alumnos/as mediante accións coordinadas nas que é necesario implicar aos pais e nais de cara ás sucesivas tomas de decisións, que irán marcando os itinerarios de formación co fin dunha futura inserción profesional.

Neste sentido a figura do titor é unha peza clave, pero necesita, para exercer este cometido de maneira eficaz, a implicación de toda a comunidade educativa, e máis especificamente do Departamento de Orientación.

1.- OBXECTIVOS DO PAT :

Dentro do PAT pretendemos acadar os seguintes obxectivos :

- *Impulsar o desenvolvemento psicosocial do alumnado:*
 - Facilitar a integración no grupo clase e no centro.
 - Fomentar a participación nas actividades do centro.
 - Desenvolver un nivel adecuado de autoconceito e autoestima.
 - Favorecer o desenvolvemento da madurez vocacional.
 - Transmitir actitudes e valores propios das sociedades democráticas.



- Conseguir unha maior igualdade entre ambos sexos, evitando marcar os roles culturais, diferenciadores de cada xénero.
 - Desenvolver valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero ou de actitudes e comportamento discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
 - Rexeitar situacións de abuso, marxinación e discriminación por razón de xénero na vida cotiá do alumnado.
- *Favorecer o desenvolvemento integral do alumnado a través de diferentes actividades centradas nas seguintes áreas:*
- **Ensinar a pensar:** ocúpase do desenvolvemento das capacidades cognitivas, pódese traballar en tódalas materias e tamén pode levarse a cabo de forma explícita e sistemática, a través dun programa de ensinar a pensar.
 - **Ensinar a ser persoas:** Identidade e autoestima. Esta liña presenta o desenvolvemento da identidade persoal do alumnado e o logro dunha imaxe positiva de si mesmas/os e de uns sentimentos de autoestima segura e autoconfianza.
 - **Ensinar a convivir e ensinar a comportarse:** A aprendizaxe da convivencia nos centros educativos se produce, na súa gran maioría, a través do modo en que eles conviven e pretende preparar ao alumnado para una integración social positiva.

Por outra banda, como medio para o desenvolvemento e crecemento da capacidade de relación e convivencia, son obxecto de atención as habilidades sociais que permiten ao alumnado entaboar unhas relacións máis ricas e positivas cos demais. Así mesmo, cobran importancia as dinámicas grupais que axudan ao alumnado a desenvolver capacidades de comunicación e actitudes de respecto.

- **Ensinar a decidirse**

A capacidade para tomar decisións é de gran interese pola súa incidencia nas situacións ordinarias da vida, e pretende facilitar ao alumnado un método que lles permita tomar decisións sobre os propios estudos e en canto a estudos posteriores que queiran realizar, xa que isto convértese nunha decisión para o desenvolvemento do seu proxecto persoal de vida.



- Dotar ás persoas titoras, dende o Departamento de Orientación, dun apoio nas súas tarefas:
 - Soporte documental escrito e referencias bibliográficas.
 - Datos diagnósticos dos alumnos (no seu caso).
 - Instrumentos de recollida de datos.
 - Recoller información, xunto coas persoas titoras, sobre os ámbitos de actuación prioritarios en cada grupo durante o curso, e en función de elo, delimitar e planificar conxuntamente actuacións (con obxectivos, contidos, actividades) para realizar nas sesións titoriais.
 - Coordinación entre todas as persoas titoras e entre estas e o resto do profesorado.
 - Intervir co Equipo Educativo nas decisións sobre avaliación, promoción e titulación.
 - Colaborar na formulación do consello orientador ao termino de cada curso da ESO e, se así fose, para a incorporación á Formación Profesional Básica. Así mesmo, colaborar co profesorado titor na elaboración dos informes para a incorporación nun Programa de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento.
 - Prevención e detección de posibles problemas entre o alumnado.
- *Optimizar o proceso de Ensinanza- Aprendizaxe :*
 - Previr e detectar dificultades de aprendizaxe.
 - Coordinar os procesos de avaliación.
 - Coordinar as respostas educativas.
 - Adecuar o currículo ó contexto escolar e ás necesidades educativas.
 - Impulsar o desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe autónomo.
- *Coordinar ao equipo docente:*
 - Fomentar o desenvolvemento dunha avaliación continua.
 - Coordinar o axuste das programacións didácticas.
 - Colaborar coa/co titora/titor na elaboración , coordinación y avaliación das adaptacións Curriculares do alumnado NEE e NEAE.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"

IES Miguel Ángel González Estévez

Rúa Marie Curie, 1

36610 O Carril - Vilagarcía de Arousa

Teléfono e fax: 886 151 791 886 151 802

e-mail: ies.miguelangel.gonzalez@edu.xunta.es

Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesmiguelangelgonzalez/>

- Contribuír á formación do profesorado.
- *Orientar ás familias na súa labor educativa:*
 - Fomentar a súa participación na vida do centro.
 - Proporcionar información sobre a marcha dos seus fillas/os.
 - Asesorar en situación de conflito.
 - Ofrecerlles asesoramento e información importante das distintas Etapas nas que se atope escolarizado a súa filla/o.



2.- ACTUACIÓNS PARA DESENVOLVER NA ACCIÓN TITORIAL

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DE 1º DA ESO 2019/ 2020

OBXECTIVOS XERAIS:

- Consegur un adecuado progreso no proceso de Ensinanza/ Aprendizaxe do alumnado, previndo calquera dificultade que poida aparecer no mesmo.
- Promover a cohesión do grupo-clase, desenvolvendo actividades que faciliten o coñecemento mutuo e a participación de todos los/as alumnos/as.
- Colaborar na identificación das NEAE e no axuste da resposta educativa ás mesmas.
- Previr o absentismo escolar.
- Reforzar as técnicas e hábitos de traballo intelectual.
- Favorecer o coñecemento persoal de cada un/a e a aceptación de si mesmo.
- Encauzar os problemas e inquiredanzas do alumnado, en colaboración co Delegado e Subdelegado.
- Asesorar e informar, aos alumnos, sobre as posibilidades educativas: elección de materias específicas, criterios de promoción,...

TRIMESTRE	SEMANA	SESIÓNS DE TITORIA
PRIMEIRO TRIMESTRE	16-20/09/19	<i>“ Xornada de Acollida ”</i>
	23-27/09/19	<i>“ Cohesión de grupo: La pelota ”</i> <i>Debuxamos as nosas mans</i>
	30-04/10/19	<i>“ Elección de delegado/a ”</i>



	07-11/10/19	<i>“Ficha de recollida de datos”</i> <i>Cuestionario individual</i>
	14-18/10/19	<i>“Departamento de orientación.</i> <i>Proba de Aptitudes escolares Tea II”</i>
	21-25/10/19	<i>Cohesión de grupo: La maleta</i>
	28-30/10/19	<i>“Departamento de orientación.</i> <i>Proba de razoamento lóxico. D-48”</i>
	04-08/11/19	<i>“Por unha vida en igualdade”</i>
	11-15/11/19	<i>“No a Violencia de xénero”</i> <i>“ Martina Volve a Brillar”</i>
	18-22/11/19	<i>“No a Violencia de xénero”</i> <i>“ Cerramos a porta a violencia”</i>
	25-29/11/19	<i>“Día Internacional en contra da violencia de xénero”</i> <i>Abrimos as portas a igualdade.</i>
	02-05/12/19	<i>“Afrontar con éxito o primeiro trimestre do curso”</i>
	09-13/12/19	<i>“Pre-avaliación”</i>
	16-20/12/19	<i>“Post-avaliación”</i>
	08-10/01/20	<i>“Educación en Valores. Igualdade de oportunidades”</i>



SEGUNDO TRIMESTRE		<i>Documental de camiño á escola.</i>
	13-17/01/20	<i>Video Forum do documental "Camiño á escola"</i>
	20-24/01/20	<i>"Educación en Valores. Igualdade de oportunidades"</i>
	27-31/01/20	<i>"Educación para a saúde"</i> <i>Internet e as redes sociais. Dependencia I</i>
	03-07/02/20	<i>Internet e as redes sociais. Dependencia II</i>
	10-14/02/20	<i>"Principais perigos de Internet"</i>
	17-21/02/20	<i>"Aspectos positivos de internet"</i>
	02-06/03/20	<i>"Coeducación. Igualdade de oportunidades. O día da muller Traballadora I"</i>
	09-13/03/20	<i>"Coeducación. Igualdade de oportunidades. O día da muller Traballadora II"</i>
	16-20/03/20	<i>"O teito de Cristal"</i>
	23-27/03/20	<i>"Pre-avaliación"</i>
	30-03/04/20	<i>"Post-avaliación"</i>
	14-17/04/20	<i>"O Día do Libro"</i>
	20-21/04/20	<i>"O Día do Libro"</i>



TERCEIRO TRIMESTRE	27-30/04/20	<i>“Planificación final do curso”</i>
	04-08/05/20	<i>“Os Exames finais I”</i>
	11-15/05/20	<i>“Os Exames finais II”</i>
	18-22/05/20	<i>“Criterios de Promoción e Avaliación Final ESO”</i>
	25-29/05/20	<i>“Presentación de 2º ESO”</i>
	01-05/05/20	<i>“Avance de coñecemento da optatividade na etapa de secundaria”.</i>
	09-13/06/20	<i>“Avaliación final do curso, ventos de verán”</i>
	16-20/06/20	<i>“Conclusións Finais do Curso”</i>

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL DE 2º DA ESO 2019/ 2020

OBXETIVOS XERAIS:

- Conseguir un adecuado progreso no proceso de Ensinanza/ Aprendizaxe do alumnado, previndo calquera dificultade que poida aparecer no mesmo.
- Promover a cohesión do grupo- clase, desenrolando actividades que faciliten o coñecemento mutuo e a participación de todos los/as alumnos/as.
- Contribuír a delimitar os alumnos/as que necesiten Adaptacións Curriculares.
- Previr o absentismo escolar
- Reforzar as técnicas e hábitos de traballo intelectual.



- Favorecer o coñecemento persoal de cada persoa e a súa aceptación.

TRIMESTRE	SEMANA	SESIÓNS DE TITORIA
PRIMEIRO TRIMESTRE	16-20/09/19	<i>“ Xornada de Acollida ”</i>
	23-27/09/19	<i>“ Cohesión de grupo ”</i> <i>Os meus gustos</i>
	30-04/10/19	<i>“ Elección de delegado/a ”</i>
	07-11/10/19	<i>“ Ficha de recollida de datos ”</i> <i>Cuestionario individual</i>
	14-18/10/19	<i>“ Departamento de orientación. ”</i> <i>Proba de razoamento lóxico. D-48”</i>
	21-25/10/19	<i>“ Departamento de orientación. ”</i> <i>Proba de Aptitudes escolares Tea II”</i>
	28-30/10/19	<i>“ Por unha vida en igualdade ”</i>
	04-08/11/19	<i>“ No a Violencia de xénero ”</i> <i>Visionado de Vídeos</i>
	11-15/11/19	<i>“ No a Violencia de xénero ”</i> <i>“ Cerramos a porta a violencia ”</i>
	18-22/11/19	<i>“ No a Violencia de xénero ”</i> <i>“ Cerramos a porta a violencia ”</i>
	25-29/11/19	<i>“ Día Internacional en contra da violencia de xénero ”</i>



		<i>Abrimos as portas a igualdade.</i>
	02-05/12/19	<i>“O noso método de estudo”</i>
	09-13/12/19	<i>“Pre-avaliación”</i>
	16-20/12/19	<i>“Post-avaliación”</i>
SEGUNDO TRIMESTRE	08-10/01/20	<i>“Educación en Valores. Igualdade de oportunidades”</i> <i>Visionado da película “Con amor Simón”</i>
	13-17/01/20	<i>“Educación en Valores. Igualdade de oportunidades”</i> <i>Visionado da película “Con amor Simón”</i>
	20-24/01/20	<i>“Educación en Valores. Igualdade de oportunidades”</i> <i>Diversidade Sexual</i>
	27-31/01/20	<i>“Cómico Diversidade sexual”</i>
	03-07/02/20	<i>“Principais perigos de Internet”</i>
	10-14/02/20	<i>“Aspectos positivos de internet”</i>
	17-21/02/20	<i>Internet e as redes sociais. Dependencia</i>
	02-06/03/20	<i>“Coeducación. Igualdade de oportunidades. O día da muller Traballadora I”</i>
	09-13/03/20	<i>“Coeducación. Igualdade de oportunidades. O día da</i>



		<i>muller Traballadora II"</i>
	16-20/03/20	<i>"O teito de Cristal"</i>
	23-27/03/20	<i>"Pre-avaliación"</i>
	30-03/04/20	<i>"Post-avaliación"</i>
TERCEIRO TRIMESTRE	14-17/04/20	<i>"O Día do Libro"</i>
	20-21/04/20	<i>"O Día do Libro"</i>
	27-30/04/20	<i>"Autoestima e Autoconcepción"</i>
	04-08/05/20	<i>"Planificación final do curso"</i>
	11-15/05/20	<i>"Os Exames finais "</i>
	18-22/05/20	<i>"Criterios de Promoción e Avaliación Final ESO"</i>
	25-29/05/20	<i>"Presentación de 3º ESO"</i>
	01-05/05/20	<i>"Coñecemento da optatividade na etapa de secundaria". Matemáticas Aplicadas e académicas. Toma de decisións</i>
	09-13/06/20	<i>"Avaliación final do curso, ventos de verán"</i>
	16-20/06/20	<i>"Conclusións Finais do Curso"</i>



PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL DE 3º DA ESO 2019/ 2020

OBXETIVOS XERAIS:

- Consegur un adecuado progreso no proceso de Ensinanza/ Aprendizaxe do alumnado, previndo calquera dificultade que poida aparecer no mesmo.
- Promover a cohesión do grupo- clase, desenrolando actividades que faciliten o coñecemento mutuo e a participación de todos los/as alumnos/as.
- Previr o absentismo escolar
- Reforzar as técnicas e hábitos de traballo intelectual.
- Favorecer o coñecemento persoal de cada persoa e a súa aceptación.
- Afondar no coñecemento do perfil académico / profesional da opción elixida.

TRIMESTRE	SEMANA	SESIONES DE TUTORIA
	16-20/09/19	<i>“ Xornada de Acollida”</i>
	23-27/09/19	<i>“Normas do Organización Funcionamento e Convivencia”</i>
	30-04/10/19	<i>“ Elección de delegado/a”</i>
	07-11/10/19	<i>“Coñecemento e cohesión de grupo.</i>



PRIMEIRO TRIMESTRE		<i>Os nosos gustos</i>
	14-18/10/19	<i>“Ficha de recollida de datos”</i> <i>Cuestionario individual</i>
	21-25/10/19	<i>“Educación en Valores”</i> <i>Monólogo “Non so doen os golpes”</i> <i>Pamela Palenciano</i>
	28-30/10/19	<i>“Educación en Valores”</i> <i>Monólogo “Non so doen os golpes”</i> <i>Pamela Palenciano</i> <i>Escaleira da Violencia de Pepa e Pepe</i>
	04-08/11/19	<i>Debate dos monólogos</i>
	11-15/11/19	<i>Programa saúde SPAD: Métodos anticonceptivos</i>
	18-22/11/19	<i>“Día Internacional en contra da violencia de xénero”.</i> <i>Pechamos as portas a violencia</i>
	25-29/11/19	<i>“Día Internacional en contra da violencia de xénero”.</i> <i>Abrimos as portas a igualdade</i>
	02-05/12/19	<i>“VIH. Prevención ”</i> <i>Juego de las tarjetas</i>



	09-13/12/19	<i>"Pre-avaliación"</i>
	16-20/12/19	<i>"Post-avaliación"</i>
SEGUNDO TRIMESTRE	08-10/01/20	<i>"Atención a diversidade sexual"</i> <i>Conceptos básicos</i>
	13-17/01/20	<i>Educación en valores.</i> <i>Respecto: película "Con amor Simón"</i>
	20-24/01/20	<i>Educación en valores.</i> <i>Respecto: película "Con amor Simón"</i>
	27-31/01/20	<i>"Día da paz, fai a paz e non a guerra"</i>
	03-07/02/20	<i>"Principais perigos de Internet"</i>
	10-14/02/20	<i>"Aspectos positivos de internet"</i>
	17-21/02/20	<i>"Coeducación. Igualdade de oportunidades. O día da muller Traballadora I"</i>
	02-06/03/20	<i>"Coeducación. Igualdade de oportunidades. O día da muller Traballadora II"</i>
	09-13/03/20	<i>"O teito de Cristal"</i>
	16-20/03/20	<i>"Pre-avaliación"</i>
	23-27/03/20	<i>"Post-avaliación"</i>



TERCEIRO TRIMESTRE	14-17/04/20	<i>“Que farei o próximo curso?”</i>
	20-21/04/20	<i>“Para decidir ben, aprender a decidir”</i>
	27-30/04/20	<i>“O Día do Libro”</i>
	04-08/05/20	<i>“Os Exames finais I”</i>
	11-15/05/20	<i>“Organización do tempo na recta final do curso”</i>
	18-22/05/20	<i>“Criterios de Promoción e Avaliación Final ESO”</i>
	25-29/05/20	<i>“Presentación de 4º ESO”</i>
	01-05/05/20	<i>“A relación de cuarto cos estudos posteriores”</i>
	09-13/06/20	<i>“Presentación e diferencias entre o bacharelato e a Formación Profesional”</i>
	16-20/06/20	<i>“Estudios superiores”</i>
	17-21/06/19	<i>“Avaliación final do curso, ventos de verán”</i>



PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL DE 4º DA ESO 2019/ 2020

OBXETIVOS XERAIS:

- Consegir un adecuado progreso no proceso de Ensinanza/ Aprendizaxe do alumnado, previndo calquera dificultade que poida aparecer no mesmo.
- Promover a cohesión do grupo- clase, desenvolvendo actividades que faciliten o coñecemento mutuo e a participación de todo o alumnado.
- Previr o absentismo escolar.
- Reforzar as técnicas e hábitos de traballo intelectual.
- Favorecer o coñecemento persoal de cada persoa e a súa aceptación.
- Afondar no coñecemento do perfil académico / profesional da opción elixida.
- Orientar ante as novas exixencias académicas que supón un curso terminal.
- Educar ao alumnado educativa y profesionalmente ante a elección de opcións para estudos posteriores.
- Favorecer o proceso da toma de decisións respecto ao seu futuro académico y profesional:
- Afondar no coñecemento e posibilidades reais do alumnado(persoais, aptitudinais, actitudinais, intereses, motivacións, económicas etc...).



- Informar sobre os diferentes camiños académicos (Bacharelatos, Formación Profesional, Estudos universitarios, bolsas de estudos, outros estudos non regrados...).
- Preparar ao alumnado para afrontar a selectividade académica e profesional.

TRIMESTRE	SEMANA	SESIÓNS DE TITORIA
PRIMEIRO TRIMESTRE	16-20/09/19	<i>“ Xornada de Acollida”</i>
	23-27/09/19	<i>“Cohesión de grupo: Intereses académicos –profesionais do noso grupo”</i>
	30-04/10/19	<i>“ Elección de delegado/a”</i>
	07-11/10/19	<i>“Cuestionario inicial”</i>
	14-18/10/19	
	21-25/10/19	<i>“Educación en Valores”</i> <i>Monólogo “Non so doen os golpes”</i> <i>Pamela Palenciano</i>
	28-30/10/19	<i>“Educación en Valores”</i> <i>Monólogo “Non so doen os golpes”</i> <i>Pamela Palenciano</i> <i>Escaleira da Violencia de Pepa e Pepe</i>
	04-08/11/19	<i>Debate dos monólogos</i>
	11-15/11/19	<i>Programa saúde SPAD: Drogas ilegais</i>



	18-22/11/19	<i>"Día Internacional en contra da violencia de xénero". Pechamos as portas a violencia</i>
	25-29/11/19	<i>"Presentación do Programa de Toma de Decisións"</i>
	02-05/12/19	<i>"Coñecendo os meus intereses I"</i>
	09-13/12/19	<i>"Pre-avaliación"</i>
	16-20/12/19	<i>"Post-avaliación"</i>
SEGUNDO TRIMESTRE	08-10/01/20	<i>"Información sobre o Bacharelato I"</i>
	13-17/01/20	<i>"Información sobre a EBAU"</i>
	20-24/01/20	<i>Educación en valores. Respecto: película "Con amor Simón"</i>
	27-31/01/20	<i>Respecto: película "Con amor Simón"</i>
	03-07/02/20	<i>Información sobre a Formación profesional: Grado medio e Grado superior</i>
	10-14/02/20	<i>"Coñecendo as miñas aptitudes"</i>
	17-21/02/20	<i>"Coñecendo a miña personalidade"</i>
	02-06/03/20	<i>"Coeducación. Igualdade de oportunidades. O día da muller Traballadora II"</i>
	09-13/03/20	<i>"Coeducación. Igualdade de oportunidades. O día da muller Traballadora II"</i>
	16-20/03/20	<i>"Pre-avaliación"</i>



	23-27/03/20	<i>“Post-avaliación”</i>
TERCEIRO TRIMESTRE	01-05/04/19	<i>“Principais perigos de Internet”</i>
	08-12/04/19	<i>“Aspectos positivos de internet”</i>
	23-26/04/19	<i>“Acércase a Toma de decisións”</i>
	29-03/05/19	<i>“Os Ciclos Formativos e a Universidade”</i>
	06-10/05/19	<i>“ Bolsas de estudos” petición on line</i>
	13-16/05/19	<i>“Estudios no extranxeiro, bolsas de verán e bolsas de estudos”</i>
	21-24/05/19	<i>“Revisión completa do proceso de toma de decisións”</i>
	27-31/05/19	<i>“Os exames finais I”</i>
	03-07/05/19	<i>“Os exames finais II”</i>
	10-14/06/19	<i>“Criterios de Titulación”</i>
	17-21/06/19	<i>“Avaliación final do curso, ventos de verán”</i>



3. -PROGRAMA BÁSICO DE HABILIDADES SOCIAIS PARA A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Segundo a circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención a diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria se elabora un programa básico de habilidades sociais que contempla, actuacións para o desenvolvemento cognitivo, para o autoconñecemento e a mellora da autoestima.

INTRODUCCIÓN:

As habilidades sociais son condutas que facilitan a relación interpersoal, de maneira non agresiva nin inhibida, senón asertiva. As habilidades sociais non son simples normas de urbanidade, impostas pola sociedade e internalizadas por cada uno de nos; senón condutas verbais e non verbais que facilitan una relación interpersoal asertiva. Por exemplo de habilidades sociais podemos citar calquera conduta hábil de comunicación interpersoal, coma:

- Saber escoitar,
- saber eloxiar o ben feito, saber desculparse polo mal feito,
- saber dicir non, e presentar una queixa e tamén saber recibila,
- saber mostrar desacordo,
- saber negociar e pórse de acordo con quen non se estaba,
- saber expresar os sentimentos e facer fronte ó medo ó ridículo ou ao fracaso.

E dicir, ter habilidades sociais é ser persoa, relacionarse ben cos demais, ser auténtico e asertivo.



OBXECTIVOS:

1. Educar na empatía, ensinar mediante exercicios, discusións e reflexión individual, que existen outras persoas e que hai que telas en conta e respetalas.
2. Adestrar no diálogo, saber escoitar e comunicar con claridade o pensamento.
3. Ensinar a negociar, a poñerse de acordo de maneira xusta.
4. Desenvolver a solidariedade, que coñezan a alegría de compartir o material, que participen democraticamente nas discusións e toma de decisións.
5. Adestrar para unha crítica construtiva da realidade persoal e social.
6. Animarlles a poñerse de acordo , sobre as normas de convivencia que afectan a todo o grupo.

ACTIVIDADES

- **HABILIDADES COGNITIVAS:** Vantaxes, inconvenientes. Regras e normas. O que queremos. As nosas prioridades e as dos demais. Explicacións e decisións.
- **CRECIMENTO MORAL.**
- **HABILIDADES SOCIAIS.** Control emocional e asertividade.

4.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL E OS EQUIPOS EDUCATIVOS

- COORDINACION DOS TITORES CO EQUIPO EDUCATIVO

- a) Coordinar a labor educativa das/dos profesoras/es que imparten clase no grupo, o cal supón:
- Poñer en común as programacións das distintas materias e criterios de avaliación, ver as conveniencias de relacións interdisciplinares por materias ou posibles axustes e adaptacións dos obxectivos e contidos ás necesidades do grupo de alumnos.
 - Analizar co grupo de profesoras/es e no seu caso coa Orientadora as dificultades e hábitos do alumnado respecto ao estudo e planificar técnicas de traballo mediante actividades en todas as materias.
 - Establecer criterios para organizar grupos de traballo ou distribución das/dos alumnas/os na aula.



- Establecer criterios para contemplar a atención á diversidade.
 - Velar para que as probas e os traballos encomendados ao alumnado distribúanse adecuadamente.
- b) Diseñar e preparar co Departamento de Orientación medios e instrumentos para as sesións de Avaliación: fichas de observación, de autoavaliación das/dos alumnas/os, guías para o seu desenvolvemento, etc...
- c) Coordinar as sesións de avaliación.
- d) Coordinar cos demais titores do mesmo nivel, coa Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación o Plan de Acción Titorial e as actividades orientadoras.

- ACTUACIÓNS DA PERSOA TITORA E OS EQUIPOS EDUCATIVOS

Primeiro trimestre:

- Coñecer o grupo - clase e establecer criterios comúns de traballo.
- Traballar a avaliación inicial, os obxectivos, contidos e materiais da primeira avaliación.
- Detectar aqueles posíbeis alumnos/as que presentan NEAE, para poñelo en coñecemento do Departamento de Orientación e comezar a valoración necesaria de cada caso.
- Seguimento e coordinación das Medidas de Atención á Diversidade.

Segundo trimestre:

- Seguimento do grupo clase.
- Promover a introdución das técnicas de estudo nas distintas materias.
- Seguimento e coordinación das Medidas de Atención á Diversidade.

Terceiro trimestre:

- Seguimento do grupo-clase.
- Preparación da avaliación final e criterios para a avaliación do alumnado.
- Valoración final das Medidas de Atención á Diversidade.



5. - PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL E AS FAMILIAS

- COORDINACIÓN DA TITORA/TITOR COAS FAMILIAS

- a.- Contribuír ó establecemento de relacións fluídas cas nais e pais para facilitar a conexión entre o centro e a familia.
- b.- Implicar ás familias nas actividades de apoio ó aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.
- c.- Informar ás familias de todos aqueles aspectos que afecten á educación de seus fillos/as.
- d.- Manter unha liña fluída de información bidireccional centro- familias, cooperando cos titoras/es na súa relación coas familias.
- e.- Facilitar o tránsito da Educación Primaria á Educación Secundaria Obrigatoria e no seu caso ao Bacharelato ou Ciclos Formativos de Formación Profesional.
- f.- Facilitar información relativa á etapa educativa que cursan e o funcionamento do Centro.

- ACTUACIÓN DAS/DOS TITORAS/TITORES E AS FAMILIAS

Primeiro trimestre:

- Información relativa ao nivel académico que curse(planes, promoción, titulación).
- Información sobre o plan de traballo a realizar co alumnado e canles de comunicación cos responsables de tutoría.
- Información sobre as actividades do centro e o rendemento académico do alumnado.
- Seguimento sobre a adaptación ao nivel educativo no que está matriculado e a seu progreso e avances no seu proceso de Ensinanza/aprendizaxe.

Segundo trimestre:

- Seguimento do rendemento escolar.
- Entrevistas e reunións a partir das sesións de avaliación ou decisións do equipo directivo.

Terceiro trimestre:

- Información e orientación sobre a continuidade dos estudos e saídas profesionais.
- Promoción, titulación e atención á diversidade.



6. -METODOLOXÍA :

A nivel orientativo recoméndase que a/o titora/titor parta dun respecto pola personalidade de cada alumna/o, da súa individualidade e das necesidades específicas que presente. Favorecerá actitudes positivas, solidarias e cooperativas a través de actividades participativas, interactivas e constructivas.

7.-RECURSOS:

A nivel xeral podemos sinalar:

- Guión para as reunións das titoras/ titores coas familias.
- Guión para as entrevistas titoriais.
- Ficha resumo do historial do alumnado.
- Recursos TIC.
- Documentos.
- Prensa.
- Dossier de Orientación Educativa e Profesional.
- Cuestionarios, test, probas sociométricas.
- Material bibliográfico segundo o tema a traballar.

8.- AVALIACIÓN DO PAT:

A avaliación do PAT farase en base a:

Criterios de avaliación, nas titorías poderían ser entre outros os seguintes:

- Nivel de planificación.
- Organización.
- Interese e motivación suscitado.
- Rendemento.



- Adecuación das actividades, materiais...

Avaliaremos **inicialmente** para partir das necesidades detectadas e das directrices da CCP e do PAT anterior. Cada actividade será avaliada ó rematar polos alumnos, titor e polo Departamento de Orientación nas reunións semanais, **avaliación continua**. O propio plan será avaliado ó **final** para recoller os logros e dificultades atopadas.

E aos **instrumentos de avaliación**, empregando entre outros:

- Observacións.
- Entrevistas.
- Cuestionarios.
- Análise de tarefas.
- Intercambio de información.
- Etc.

O PAT será **avaliado por tódolos participantes** no seu deseño e desenvolvemento, é dicir, polo alumnado, titoras/titores, Departamento Orientación, profesorado, xefe de estudos e Equipo Directivo, CCP, Claustro, familias.

En O Carril a 26 de novembro de 2019

Plan aprobado en claustro do 27 de novembro de 2019